Dende o punto de vista socioeconómico, a actividade fundamental do municipio de Laxe é a pesca, concretamente a pesca de baixura e o marisqueo. A actividade do porto de Laxe é polo tanto maioritariamente pesqueira, aínda que presenta tamén un uso deportivo e esporádicamente realízanse operacións comerciais, como a descarga de atún, madeira e ferro para a construción. As actividades de pesca e marisqueo no ámbito do porto de Laxe están reguladas a través da Cofradía de Pescadores de Laxe.

## 2. Resumo da tramitación ambiental

O 22.09.2017 publicouse, no DOG núm. 181, a Resolución de Portos de Galicia do 13.09.2017, pola que someten a información pública o proxecto e o estudo de impacto ambiental do proxecto do dragado do porto de Laxe, situado no concello de Laxe, promovido por esa entidade.

O 11.10.2017, publicouse, no DOG núm. 194, a corrección de erros da anterior Resolución de Portos de Galicia do 13.09.2017, logo de que advertiran un erro na lexislación indicada nesa resolución.

Portos de Galicia, de acordo co artigo 37 da lei 21/2013, consultoulle ás seguintes administracións sobre o EslA.

- Concello de Laxe
- Dirección Xeral de Patrimonio Natural
- Instituto de Estudos do Territorio
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Saúde Pública
- Augas de Galicia
- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesquero
- Dirección General de Recursos Pesqueros do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA)
- Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar do Ministerio para la Transición Ecológica

Segundo consta no certificado de exposición pública de Portos de Galicia, non se presentaron alegacións durante o prazo de información pública do proxecto e do EslA relativos ao dragado no porto de Laxe.

O día 10.08.2018 recíbese na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o expediente ambiental do proxecto, remitido por Portos de Galicia xunto coa solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental ordinaria do proxecto das obras de dragado no porto de Laxe. Portos de Galicia indica que decidiu non realizar as actuacións previas contempladas no artigo 34 da lei 21/2013 (consultas ás Administracións afectadas e persoas interesadas e elaboración do documento de alcance do estudo de impacto ambiental).

O 03.09.2018, o órgano ambiental requírelle ao órgano substantivo, de acordo co artigo 40 da lei 21/2013, a subsanación do expediente de impacto ambiental. En resposta a ese requirimento, o día 23.10.2018 o órgano substantivo remítelle os informes obtidos das seguintes entidades: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, Sociedade Galega de Historia Natural, Sociedade Galega de Ornitoloxía e Confraría de Pescadores de Laxe e, entendendo que o expediente ambiental está subsanado, solicita ao órgano ambiental continuar coa tramitación da declaración de impacto ambiental.

Non obstante, logo de que o órgano ambiental avanzara máis na súa análise técnica do expediente ambiental e advertise que había certos aspectos no expediente que deberían clarificarse, os días 21/11/2018 e 04/12/2018 Portos de Galicia remite ao órgano ambiental documentación adicional.

O órgano ambiental remitiulle á Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar a documentación aportada por Portos de Galicia o día 21.11.2018 para que, se fora o caso, ratificara o indicado nos seus informes anteriores. Finalmente, o día 21.12.2018, recíbese, a través de correo electrónico, o informe de ratificación desa Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar.

### **3. Resumo da análise técnica do expediente**

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o proxecto, o EsIA, os anuncios e certificado de exposición pública e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA.

É importante destacar a existencia dos documentos complementarios elaborados polo promotor xurdidos da tramitación e que se tiveron en conta tamén nesta análise técnica: *“Estudio de afecciones sobre poblaciones de cormorán moñudo por las obras de dragado del Puerto de Laxe. Memoria”*, de abril de 2018 e *“Recomendaciones biológicas para minimizar el impacto ambiental del dragado del puerto de Laxe (A Coruña) en relación a la presencia de especies alóctonas”*, así como o Informe do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, relativo ás accións sobre *Sargassum muticum* nese parque nacional e o Plano de localización das especies *Himanthalia elongata* e *Saccorhiza polyschides* na zona de dragado.

No que se refire aos informes recibidos durante a tramitación ambiental do proxecto, a continuación resúmese o seu contido, así como o contido do informe elaborado polo promotor en relación a aqueles aspectos que considerou debería aclarar.

O Concello de Laxe indica que o lugar obxecto da concesión está cualificado como zona portuaria segundo o vixente PXOM e, no que se refire á documentación recibida, non identifican impactos ambientais negativos cuxa afección non poida evitarse, diminuírse ou eliminarse coas medidas preventivas e correctoras previstas durante a execución das obras.

O Instituto de Estudos do Territorio informa que o ámbito da actuación enmárcase na paisaxe urbana da localidade de Laxe, en concreto no interior do seu porto.

En relación ao Catálogo das Paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG do 25.08.2016), a contorna da vila e o porto de Laxe forman parte da comarca paisaxística Costa da Morte, na grande área paisaxística Chairas e Fosas Occidentais.



Ese organismo indica que o EsIA incorpora un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), tal e como establece o artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e o seu contido axústase ao disposto no artigo 11.2 desa lei. Concretamente, o EIA inclúe unha diagnose do estado actual da paisaxe, unha delimitación das unidades paisaxísticas, un estudo de calidade, visibilidade e fragilidade da paisaxe, estudo de intervisibilidade e cuncas visuais, unha análise do impacto previsto do proxecto sobre os elementos que configuran a paisaxe, e unha xustificación dos criterios e as medidas adoptadas para acadar unha integración paisaxística do proxecto.

Finalmente, indican que o dragado non terá relevancia sobre a paisaxe a excepción das fases de obras, limitándose ao campo visual do porto e conclúe que o proxecto de dragado non suporá unha afección paisaxística nin a contorna portuaria nin na ría.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente o proxecto de dragado do porto de Laxe (A Coruña) cunha serie de consideracións que se inclúen no condicionado desta DIA, logo de ver o Informe técnico histórico-arqueolóxico sobre a posible afección das obras de dragado sobre o patrimonio cultural incluído no EsIA, que conclúe que se documentaron dous puntos de interese arqueolóxico nas proximidades, sen situación precisa, e que a zona obxecto das obras xa foi dragada con anterioridade ate as mesmas cotas, polo que non se prevé a existencia de elementos ou estruturas de interese patrimonial.

No que se refire ao informe da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar), inclúe un informe da bióloga da Xefatura Territorial A Coruña e un mapa realizado pola Unidade Técnica de Pesca Baixura (UTPB) do seu Servizo de Planificación no programa de seguimento da pesca de artes menores profesional.

No que se refire ao informe da Bióloga da Xefatura Territorial de A Coruña, indica que os bancos marisqueiros máis próximos da zona de vertedura atópanse a máis de 5 km de distancia e que, segundo se observa no mapa de recursos mostrexados pola UTPB no ano 2015, na zona de vertedura proposta en augas exteriores de competencia estatal, soamente se rexistrou un pequeno lance de nasas na marxe N-NE, polo que segundo estes datos, a actividade pesqueira de baixura nesta zona é moi escasa, concentrándose noutras zonas próximas.

Informa favorablemente a vertedura do material de dragado do porto de Laxe na zona proposta en augas exteriores denominada no proxecto "zona B", xa que segundo a información e estudos presentados non se estiman impactos destacables nas zonas contiguas de pesca de baixura, nos bancos marisqueiros próximos e nas zonas protexidas declaradas no entorno.

Indica tamén que sería desexable que a execución das obras previstas perturbara o mínimo indispensable a actividade pesqueira e marisqueira que puidera verse afectada e consideran axeitado que os informes que se xeren durante o desenvolvemento do plan de vixilancia ambiental, sexan remitidas a esa dirección xeral para información e adaptación das medidas de xestión marisqueira, se se estima necesario.

Posteriormente, esa dirección xeral remite o informe complementario que solicitaran á Subdirección Xeral de Acuicultura (Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura) da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, tamén da Consellería do Mar, aos efectos de protexer e conservar os recursos de acuicultura.

O informe complementario indica que no ámbito territorial das actuacións previstas, dragado no porto de Laxe e vertedura dos produtos en alta mar a 8 millas náuticas do porto, non figuran autorizados establecementos de acuicultura mariña e indica os máis próximos á zona de actuación, dúas granxas mariñas a máis de 11 e 15 km de distancia e, a 5 km de distancia, un polígono de viveiros, Corme B, construído por 12 cuadrículas e todas elas vacantes no momento de redacción do informe.

Finalmente conclúe que non é previsible que as accións previstas no proxecto teñan incidencia no sector de acuicultura, por estar situados os establecementos actualmente autorizados e en funcionamento, a máis de 10 km das zonas de actuación. Non obstante, todas as accións previstas deben realizarse coas medias protectoras e correctoras necesarias para reducir ao máximo os impactos ambientais no medio mariño, e corraxir os posibles efectos negativos que se poidan xerar.

A Dirección General de Recursos Pesqueros (MAPA) informa, logo de que consultasen ás partes con posibles intereses pesqueiros na zona de influencia do proxecto e sen que recibisen alegación algunha en contra ao respecto, que no ámbito das súas competencias non existe inconveniente algún para a realización deste proxecto.

A Confraría de Pescadores de Laxe informa que, logo de consultar todos os sectores afectados, no procede realizar ningún tipo de observación ao respecto sobre os posibles efectos nos recursos pesqueiros que puidera derivarse da aplicación deste proxecto, xa que a vertedura do material rochoso e do material areoso vaise realizar nunha zona de escasa entidade pesqueira, situada en augas exteriores, a unhas oito millas náuticas do porto de Laxe e con todas as garantías do cumprimento da lexislación vixente.

Augas de Galicia informa que, dende o punto de vista da planificación hidrolóxica, a actuación desenvólvese na masa de auga costeira denominada Costa da Morte de código ES014.MMMSPF14, catalogada no plan hidrolóxico vixente como en bo estado ou mellor e que a actuación se desenvolve fora do ámbito de competencias de xestión do dominio público hidráulico que ten encomendadas.

Indica que como organismo de bacía da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, é responsable de elaborar e propoñer as revisións do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa (PHGC), recompilando a información necesaria das autoridades competentes na xestión de recursos hídricos.

Indican que a actuación vai supoñer unha nova presión sobre a masa de auga (morfolóxica principalmente) polo que no caso de que a actuación supoña algunha alteración na masa de auga que impida o logro dos obxectivos medioambientais, será necesario que o órgano promotor realice tamén os estudos xustificativos establecidos na lexislación vixente. Estes aspectos indican que serán valorados polo órgano con competencias para autorizar a actuación.

Indica tamén que dentro das súas tarefas de actualización do Plan Hidrolóxico, incorporarán na planificación hidrolóxica de conca a actuación, logo de que sexa comunicada pola autoridade competente, ben en fase de proxecto ou xa executada, recollendo, se é o caso, os elementos necesarios no Inventario de Presións do PHGC, no Programa de Medidas, así como a valoración da posible incidencia da actuación no logro dos obxectivos medioambientais e as xustificacións necesarias en caso de aplicar as exencións previstas na propia Directiva.

A Dirección Xeral de Saúde Pública indica que o seu informe se basea se no estudo se tivo en conta, identificou e valorou os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Indican que as distintas medidas protectoras e correctoras para impedir a chegada dos posibles contaminantes aos medios deberán ser avaliadas polo órgano ambiental correspondente para asegurar a súa eficacia.

Indican que se se cumpren os estándares establecido non se prevé a necesidade de realizar unha medición específica da exposición da poboación.

Informa que debería avaliarse se son pertinentes o seguimento das indicacións recollidas no anexo V (Medidas preventivas e uso das mellores Prácticas Ambientais) das DMCD, pola súa recolocación en augas de dominio público marítimo terrestre e un estudo de dispersión de sedimentos na zona de dragado nos termos indicados no seu informe.

Ademais indican que a documentación aportada non recolle información sobre: as voaduras a levar a cabo e as medidas de prevención e seguridade, a valoración do nivel de presión sonora durante o dragado en relación a distancia de zonas habitadas próximas e medidas a adoptar en caso de incumprimento dos límites establecidos na lexislación, existencia ou non de augas residuais sanitarias na fase de obras e a súa xestión, cumprimento das normativas ao respecto do sistema de abastecemento de auga de consumo, se existisen aseos ou vestiarios para o persoal ou similares, as técnicas de xestión ou medidas preventivas para asegurar o cumprimento dos límites establecidos na normativa de calidade de augas e plan de actuación en caso de que non se cumpra, o cumprimento das disposicións establecidas no capítulo VIII das DCMD, o inventario dos posibles residuos xerados en operacións de mantemento (perigosos e non perigosos) e as súas medidas de xestión, zona de almacenamento e condicións de seguridade, o cumprimento de normativas sectoriais de portos (regulamentos internos de policía portuaria, seguridade de embarcacións, etcétera), e as medidas de seguimento e control no plan de vixilancia ambiental ao respecto dos residuos xerados, e de posibles derramos de aceites e hidrocarburos procedentes das actividades que se desenvolvan.



Informan que as actuacións que poidan afectar ás praias, deberán realizarse fóra da tempada de baño e que a exención de caracterización de determinados compostos químicos, nos sedimentos dragados, nos termos indicados no seu informe deberán ser avaliados polo organismo competente.

Finalmente, esa dirección xeral informa que non procede realizar un estudo de avaliación de risco para a saúde derivado do proxecto.

Portos de Galicia inclúe no expediente ambiental as súas consideracións ao respecto dos informes da Dirección Xeral de Saúde Pública e da Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, nun documento titulado *"Informe de Alegaciones del Estudio de Impacto Ambiental para el dragado del puerto de Laxe (A Coruña)"*, de agosto de 2018.

No que se refire ao informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, Portos de Galicia indica que para o deseño da solución técnica tiveron en conta as indicacións recollidas no anexo V das DCMD, (medidas preventivas e uso das melloras prácticas ambientais), así como para o establecemento das medidas preventivas, adaptándose ás características propias das obras, entre as que destacan as barreiras antiturbidez, seguimento en continuo da turbidez, control da calidade das augas para evitar afeccións aos bancos marisqueiros e á calidade das praias, identificación dos recursos pesqueiros e marisqueiros na zona e análise arqueolóxico previo.

No que se refire ao estudo de dispersión da zona de dragado, Portos de Galicia indica que non o considerou necesario xa que o volume a dragar (56.465 m<sup>3</sup>) é menor que o volume que establecen as DCMD, que é obrigatorio realizalo.

No que se refire ás medidas de prevención e seguridade durante a realización das voaduras, indica que a contrata adjudicataria dos traballos deberá realizar un proxecto de voaduras que debe ser aprobado polo organismo correspondente antes do inicio dos traballos e que ese proxecto e o plan de seguridade e saúde para a execución das obras definirán os riscos para os traballadores, as estruturas próximas, os terceiros afectados e as medidas de prevención e seguridade a adoptar ao respecto.

No referido ao ruído, indican que pode concluírse que a incidencia acústica das obras se axustarían, en calquera caso, ás normativas aplicables e que ademais, todas e cada una das actividades xeradoras de ruído consideradas teñen unha temporalidade clara, que non irá máis alá do proceso de obra, polo que os seus efectos sobre o entorno desaparecerán logo de que conclúan.

Indican que ademais tampouco se tratará dun ruído continuo, xa que os cálculos se realizaron no suposto teórico de que o proceso de dragado sexa constante, con todos os elementos funcionando ao tempo e xerando o máximo ruído teórico, sen considerar que a execución das obras realizárase en varias fases e, especialmente as fases de voaduras non coincidirán coa de outros traballos precisamente por motivos de seguridade.

En base ao exposto, Portos de Galicia non considera necesario establecer medidas correctoras de carácter específico, pero si propondrá un cronograma de execución de obra que contemple realizar as mínimas operacións posibles de xeito simultáneo e realizarán un seguimento durante a fase de obras, para comprobar o axuste das estimacións realizadas e de acordo co sinalado no Programa de vixilancia ambiental.

En relación á xestión das augas residuais, indican que se realizará a través da rede de saneamento existente no porto. En todo caso, o estudo de seguridade e saúde no traballo, así como o plan de seguridade definirán as instalacións dos traballadores e a súa xestión. E no referente ao abastecemento de augas de consumo din que se realizará a través da rede de abastecemento municipal que da servizo ao propio porto.

No que se refire ás técnicas de xestión ou medidas preventivas para asegurar o cumprimento dos límites en calidade das augas, Portos de Galicia indica, para a zona de vertedura, que colocarán sendas boias na parte externa da dársena portuaria e no entorno da zona de vertedura con medición en continuo e en tempo real de: temperatura, condutividade, salinidade, osíxeno e turbidez e, cos datos deste último parámetro, calcularán os sólidos totais en suspensión para garantir que non se superen o 30 % (RD 345/1993, do 5 de marzo, de calidade de augas para a cría de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños).

No caso de que se registre un incremento da turbidez e dos sólidos en suspensión no medio ,que puideran afectar aos recursos marisqueiros e á praia de Laxe, Portos de Galicia indica que tomaría as medidas de protección necesarias para subsanar ese impacto. Nese sentido, indican que si se supera o 25 % do valor normal de sólidos en suspensión na zona, reduciríase a actividade da draga á metade, e se os valores de sólidos seguen aumentando antes de acadar o 30 %, paralizaríanse as obras ata a recuperación do estado normal. Na zona de dragado realizarán tamén un control da auga para garantir o cumprimento das normativas vixentes en materia de calidade das augas de baño e calidade das augas para o cultivo de moluscos e outros invertebrados mariños na estación de mostraxe utilizada no EsIA.

No que se refire á zona de vertedura, Portos de Galicia propón tamén un control da auga no que analizarán todos os parámetros requiridos para garantir que se cumpran todas as normativas vixentes e para iso, propoñen unha estación cunha mostraxe preoperacional e mostraxes mensuais durante a fase de vertedura e unha mostraxe aos 15 días de rematada a vertedura para levar a cabo un estudo comparativo que permita ver as variacións e, se é o caso, tomar as medias necesarias para evitar unha afectación sobre as zonas de protección ambiental. Se se superasen os valores permitidos se paralizarían as actuacións ata acadar os valores aptos para a zona.

Ademais, Portos de Galicia propón un plan de actuación en caso de que falle o do sistema de monitorización en continuo durante os traballos de dragado e que implica efectuar, entre outras, unha comunicación á autoridade ambiental competente e á empresa adxudicataria do dragado e incluso a paralización do dragado.

No que se refire aos permisos e autorizacións necesarios segundo o capítulo VIII das DCM Portos de Galicia indica que o expediente se atopa en fase de avaliación que forma parte do procedemento para obtelos.

No que se refire ao inventario e xestión dos posibles residuos xerados na fase de obra e en operacións de mantemento, indican que serán residuos sólidos urbanos, sanitarios e perigosos procedentes da maquinaria que empregarán na obra, indican a xestión que realizarán e sinalan os aspectos a verificar, os indicadores e umbrais e as medidas de prevención e corrección para cada un deles.

En relación ao cumprimento das normativas sectoriais de portos que indica esa dirección xeral no seu informe, o promotor indica que ao tratarse dunha obra promovida pola propia autoridade portuaria, serán a dirección de obra e a policía portuaria a responsable de supervisar esa normativa.

No que se refire a que ás actuacións que poidan afectar ás praias deberán realizarse fóra da tempada de baño, indican que non a poden evitar polos condicionantes de clima marítimo aos que están sometidas e, polo tanto, as principais obras deben levarse a cabo entre primavera e outono e que precisamente por ese motivo estableceron as medidas preventivas e de control ambiental necesarias para asegurar a calidade das augas de baño durante a execución dos traballos.

Finalmente e referente á avaliación polo organismo competente da exención de caracterización de determinados compostos químicos nos sedimentos dragados, indican que en base aos resultados obtidos na caracterización preliminar das mostras, tan só a mostra S-2 supera a concentración do 2% de COT, polo que só a esa mostra haberá que realizarlle a caracterización química completa e ao resto a caracterización química básica. Pero ademais, a mostra S-2 tampouco demostra contaminación por TPH, HPAs, ou TBTs, polo que din que se pode deducir que tampouco hai unha contaminación significativa por estes compostos e indican que, baseándose na información local das fontes de contaminación (puntuais ou difusas) ou aportes históricos coñecidos, en relación aos compostos do artigo 17.3 das DCMD, non constan fontes de contaminación coñecidas que fagan necesario abordar a análise deses compostos.

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia, expón que, tal e como lle solicitou Portos de Galicia, remitiu a documentación do proxecto e a petición de informe aos 13 grupos que actualmente compoñen a Federación Ecoloxista Galega (FEG) e que son ADENCO, AEMS-Ríos con Vida, APDR, Asemblea do Suído, Colectivo Ecoloxista do Salnés, Grupo Naturalista Hábitat, Luita Verde, Naturviva, Néboa, Vaipolorío, Verboxido, Verdegala e Xevale.

Indican que na data do seu escrito (03.10.2018) non recibiron comunicación ningunha dende os demais grupos da FEG no senso de presentar ou non, de xeito individual ou colectivo, alegacións ao proxecto e que, pola súa parte, a non presentación de alegacións non implica a súa aceptación.

A Sociedade Galega de Historia Natural, comunícalle a Portos de Galicia que non vai presentar alegacións ao proxecto do dragado da dársena portuaria de Laxe.



A Dirección Xeral do Patrimonio Natural, que para o seu informe ten conta as consideracións aportadas polo seu Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, indica que o dragado e o punto de vertedura sitúanse integramente no medio mariño e dentro da ZEPA mariña “Espazo mariño da Costa da Morte” (ES 0000497), que forma parte da Rede Natura 2000. Indican tamén que o proxecto se atopa fóra da ZEPA “Costa da Morte (Norte)” (ES 0000176), aínda que o EsIA localiza erroneamente o dragado dentro desa ZEPA “Costa da Morte (Norte)”, e fóra tamén da ZEC “Costa da Morte” (ES1110005).

Esa dirección xeral informa que o dragado non afecta directamente aos espazos pertencentes á Rede galega de espazos protexidos e Rede Natura 2000 de Galicia pero que se localiza a unha distancia aproximadamente de 0,6 km dos espazos: ZEC “Costa da Morte” (ES1110005) e ZEPVN “Costa da Morte “ (110033).

En relación aos hábitats de interese comunitario, logo de consultar a cartografía de hábitats existente no seu servizo, indican que o dragado realizarase sobre unha tesela na que están inventariados os seguintes hábitats de interese comunitario incluídos no anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres e na Lei 42/2007, do 13 de decembro de patrimonio natural e biodiversidade:

- No entorno do dragado: 11110 *Bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña*, 1170 *Arrecifes* e 1160 *Grandes calas e baías pouco fondas*
- No entorno da praia e no ámbito da ZEC “Costa da Morte”: 2130\* *Dunas costeiras fixas con vexetación herbácea (“dunas grises”)*, 2120 *Dunas móbiles litorais con *Ammophila arenaria* (“dunas brancas”)*, 2110 *Dunas móbiles embrionarias*, 2230 *Dunas con céspedes de Malcomietalia*, 1210 *Vexetación anual sobre argazos*, 1140 *Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar*.

No que se refire ao Inventario dos humidais de Galicia, indican que no extremo leste da praia de Laxe desemboca un regato que forma parte do humidal “Brañas Mouras” (Cod. lhG 110224).

No que se refire aos Plans de recuperación e conservación de especies, indican que a praia de Laxe é área de distribución potencial das seguintes especies: *Escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* subsp. *Lusitánica Steinbacher*)* en Galicia) e a pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia.

En canto ás especies protexidas incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas na ZEPA mariña encóntranse as seguintes especies de interese para a conservación: *Hydrobates pelagicus* (vulnerable), *Numenius arquata* (en perigo), *Phalacrocorax aristoteles* (vulnerable), *Puffinus mauretanicus* (en perigo), *Rissa tridactyla* (vulnerable), *Scolopax rusticola* (vulnerable), *Uria aalge* (en perigo), *Vanellus vanellus* (en perigo), *Phocoena phocoena* (vulnerable), *Tursiops truncatus* (vulnerable).

No que se refire aos impactos respecto do dragado e o depósito do material indican que afectan ao réxime hidrodinámico e a xeomorfoloxía do medio mariño e que coa evolución da liña de costa evoluciona tamén a presenza ou ausencia de especies e hábitats, polo que débese ter en conta a proximidade de espazos da Rede Natura 2000, para avaliar os efectos potenciais do dragado sobre eles e cumprir os requisitos da Directiva Hábitats, xa que a evolución da zona costeira modifica as tendencias naturais e implica cambios morfolóxicos e/ou biolóxicos así como desequilibrios sedimentarios que poden desequilibrar bancos de area, praias e dunas e modificar a localización dos hábitats.

A ese respecto indican que o EsIA manifesta que a dragaxe vai mellorar as condicións de hidrodinamia, polo menos no que se refire ao efecto das ondas longas que chegan a ocasionar amplitudes de onda superiores aos 2,5 m no interior do recinto. Tamén indica que non vai a modificar as condicións da ondada que chega ata a praia, principal forzador do movemento lonxitudinal da area, nin previsiblemente de axitación dentro do propio porto e por iso, non se esperan modificacións sensibles no comportamento do basculamento de sedimentos existentes.

No que se refire ao funcionamento biolóxico da zona costeira, os efectos do dragado son, segundo indica esa dirección xeral, un incremento da turbidez, precipitación de partículas finas, extracción da capa biolóxica e con ela as especies de escasa ou nula capacidade de desprazamento e, ao ser zona ZEPA, podería ter afección sobre as aves por contaminación sonora, por alteracións na transparencia e calidade da auga e polas obras que poderían afectar tamén ás zonas de nidificación.

Ao respecto diso indican que o EslA propón medias preventivas e correctoras destinadas a reducir os impactos significativos derivados das obras de dragado (para manter a calidade do aire, a calidade da auga, os biotopos infralitorais e intermareais, os recursos pesqueiros e marisqueiros da zona ) e destinadas tamén a garantir a seguridade e saúde humana e que inclúe un programa de vixilancia ambiental e de control da obra.

Indican que o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia recolle, no apartado 5, as actuacións que poden afectar de forma apreciable o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e, entre eles cita a construción de infraestruturas que afecten a dinámica mareal (amplitude e correntes mareais) e da ondada e tamén a realización de cambios na morfoloxía do sistema de fondos mediante procesos de dragados, causando a alteración dos sedimentos e das comunidades bentónicas.

Polo que conclúen que o dragado supón un cambio permanente na estrutura do sistema e polo tanto consideran relevante que se garanta que a execución do proxecto non cause efectos significativos sobre a ZEC "Costa da Morte", Xa que o medio mariño alberga ecosistemas complexos e dinámicos, a incerteza que se xera en canto ao seu funcionamento despois do dragado, non permite determinar con total seguridade que non se vaian producir efectos negativos no espazo "Costa da Morte" (ES1110005) e polo tanto recomendan que se acredite de maneira o máis obxectiva posible que a execución do proxecto non vai producir efectos significativos sobre o medio ambiente.

Finalmente, a dirección xeral conclúe que, a pesar de que as actuacións previstas non afectan directamente a espazos naturais dos que eles teñan competencia, consideran que deberase garantir que non se producen repercusións significativas indirectas sobre a integridade da ZEC "Costa da Morte" (pola súa proximidade á zona do dragado) debido a posibles procesos de erosións e/ou sedimentación provocados polo cambio da dinámica litoral.

Para garantir que non se produzan esas repercusións e evitar afeccións apreciables sobre os valores naturais polos que o espazo foi protexido (hábitats e especies) o proxecto deberá contar cos informes favorables dos órganos competentes en biodiversidade mariña e da dinámica litoral.

Ademais comunican que a xestión da ZEPA "Espazo mariño Costa da Morte", correspóndelle á Administración Xeral do Estado en cumprimento do artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

E finalizan coa indicación de que calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural requirirá o seu informe correspondente.

A Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, no seu primeiro informe do 11.01.2018 indica que as zonas de actuación, tanto de dragado como de vertedura, atópanse incluídas dentro das zonas de protección ambiental: zona ZEPA e OSPAR e que no entorno da zona de dragado existen LIC, ZEC e ZEPVN.

Indican que de todos eses espazos protexidos, a ZEPA ES0000497-"Espacio Marino de la Costa da Morte" é o único espazo que é competencia desa dirección xeral, e que constitúe un importante embudo migratorio na franxa atlántica ibérica, estimándose que máis dun millón de aves mariñas pasan por esta zona durante o verán-outono (migración posnupcial) procedentes, na súa maioría do norte de Europa e de Siberia occidental, aínda que tamén pasan especies mediterráneas, neárticas e do Hemisferio Sur. Estas especies parecen empregar este espazo dunha maneira xeral sen que se poidan diferenciar zonas de maior frecuentación ou de selección preferente.

Esta ZEPA constitúe, pola súa produtividade, unha importante área de alimentación, tanto de especies en migración como das locais (reprodutoras e invernantes) e deste último grupo destacan especies como a gaviota tridáctila (*Rissa tridactyla*) ou o arao común (*Uria aalge*), cuxas poboacións reprodutoras en España sufriron un drástico declive nos últimos anos e que concentran, na costa adxacente á ZEPA, as súas únicas colonias de cría española. Indican que tamén é destacable a presenza de colonias de cormorán moñudo (*Phalacrocorax aristotelis aristotelis*), taxón en grave declive en Galicia, repartidas en diversos núcleos ao longo da costa.



Esa dirección general indica que dende a entrada en vigor da Orden ministerial AAA/1260/2014, os espazos declarados como ZEPA quedan sometidos ao disposto nos apartados 4 e 5 do artigo 46 da lei 42/2007, do 13.12, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, sobre a avaliación das repercusións dos plans, programas e proxectos que, sin ter relación directa coa xestión do lugar ou sin ser necesarios para ela, poidan afectar de forma apreciable a eses lugares.

Indican tamén que o EsIA analiza detalladamente as características dos espazos protexidos presentes e a súas posibles afeccións pola actividade proposta, propoñendo unha serie de medidas de minimización de efectos e selección de alternativas co mínimo impacto posible e que propoñe un programa de vixilancia ambiental seguindo os criterios das DCMD.

Indican que o promotor prevé unha recuperación bionómica da zona logo de que remate o dragado e que a variedade de hábitats presente, vaise seguir mantendo logo de rematadas as obras e estabilizadas as zonas de actuación.

No referente á execución dos dragados e das verteduras en dominio público indican que precisan das correspondentes autorizacións previas dos organismos competentes, que de acordo co establecido na lexislación de portos e na Lei 41/2010, do 29.12, de Protección do Medio Mariño, son as Capitanías Marítimas, no que se refire á vertedura dos materiais sólidos en dominio público marítimo terrestre, previo informe do Ministerio para a Transición Ecolóxica e ese Ministerio tamén no que se refire á compatibilidade da actuación coa estratexia mariña (artigo 32.7 desa lei 41/2010).

Indican que a actividade debe ser compatible cos obxectivos ambientais xerais e específicos da Estratexia Mariña da Demarcación noratlántica e que, pola tipoloxía das actuacións, considera que a análise desa compatibilidade debe dirixirse principalmente aos seguintes obxectivos específicos: A.1.1, A.1.2., A.1.4, B.1.2, B.1.5, B.2.1, B.2.2, B.2.3, B.3.4, C.2.1, C.2.2, C.3.5 desa estratexia.

Da análise que realiza no seu informe en relación a compatibilidade con eses obxectivos indica que non son previsibles efectos significativos permanentes sobre a fauna ou flora bentónica (obxectivo A.1.1) e para garantir o cumprimento do obxectivo A.1.2, indica que o promotor debera presentar unha alternativa de xestión do material dragado distinta á vertedura ao mar para evitar o risco de propagación da especie invasora *Sargassum muticum* incluída no catálogo de especies exóticas invasoras (RD 630/2013). Suxiren que o promotor realice un estudo de distribución desta especie para que poida discriminar que volume pode ser vertido ao mar libremente, do que ten presenza da especie e polo tanto poda someterse a un tratamento de eliminación eficaz previamente á súa vertedura ao mar, ou ben xestionalo en terra.

No que se refire ao obxectivo B.1.5, indica que deberán ter precaución cos materiais de orixe antrópico susceptibles de atoparse co material dragado polo que deberán levar a cabo unha vixilancia visual durante a execución do proxecto para retiralos antes de que o material sexa vertido ao mar. Indican tamén que o dragado efectuaranno co menor uso de voaduras e outros medios que causen ruído impulsivo no medio acuático e que deberán preservar, na medida do posible, unha parte do substrato rochoso con presenza das algas mariñas *Himanthalia elongata* e *Saccorhiza polyschides*, especies en regresión da demarcación noratlántica.

Finalmente indican que como o promotor presentou medias correctoras e un plan de vixilancia axeitados para minimizar os efectos negativos da actuación e, xa que na actualidade aínda se está traballando no plan de xestión da ZEPA mariña existente no ámbito do proxecto, considera que poderán realizar o dragado sempre que observen unha serie de condicións que se inclúen no condicionado desta DIA, referentes ás voaduras e á control do ruído.

No referido ao obxectivo B.3.4, indican que cando finalice a obra deberá informar a esa dirección general sobre a data de inicio e finalización das voaduras e traballo con martelo hidráulicos percutor, indicando o número de días efectivos de traballo, coordenadas xeográficas da área onde se produciran voaduras e traballos e o nivel de fonte de ruído impulsivo en  $m_{TNTeq}$  (kg). Na medida do posible indican que tamén lle proporcionarán os seguintes datos adicionais: dominio de espectro de frecuencias de emisión de ruído impulsivo (Hz), ciclo de traballo ( $n^{\circ}$  impulsos /seg), duración da transmisión (un impulso) en seg., directividade, profundidade da fonte do ruído en m.

Esa dirección general indica que é imprescindible que o dragado siga as DCMD, o que garantirá que non sexan esperables efectos significativos derivados do nivel de contaminación que presentan os materiais e que non caiba esperar que aparezan efectos biolóxicos que puideran afectar o estado ambiental da demarcación mariña. Neste caso indican, os materiais de dragado resultaron ser de Categoría A, o que os fai compatibles cos obxectivos B.2.1, B.2.2 e B.2.3.

A documentación aportada polo promotor informan que inclúe un programa de vixilancia ambiental para o dragado en cumprimento dos artigos 44 e 45 das DCMD, debido á existencia de zonas sensibles nas proximidades da actuación.

Finalmente conclúen, logo de ver a documentación aportada polo promotor, que a operación de dragado no porto de Laxe é compatible cos obxectivos da Estratexia Marina da Demarcación marina noratlántica sempre e cando se cumpran as condicións expostas no seu informe.

E no referente á vertedura, indican que sería incompatible coa Estratexia Mariña da Demarcación noratlántica, en concreto co obxectivo A.1.2., polo que o promotor deberá presentar unha alternativa de xestión do material dragado distinta á vertedura ao mar para evitar o risco de propagación da especie invasora *Sargassum muticum* incluída no catálogo de especies exóticas invasoras (RD 630/2013). A alternativa resultante indican que deberá comunicala á Demarcación de Costas en Galicia, para a emisión de informe complementario sobre a súa compatibilidade coa Estratexia Mariña da Demarcación mariña noratlántica.

Logo dese informe, Portos de Galicia remitiulle a Dirección General de la Sostenibilidade de la Costa y del Mar un informe complementario relativo ás accións sobre a especie exótica invasora *Sargassum muticum* no Parque Nacional de las Islas Atlánticas", quen, logo de analízalo, solicita novamente información complementaria para asegurarse de que a técnica proposta para eliminar a alga invasora nese parque é extrapolable a unha actuación da envergadura do dragado obxecto deste proxecto.

En contestación a esa solicitude, o promotor aporta unha nova información complementaria "*Recomendaciones biolóxicas para minimizar el impacto ambiental del dragado del Puerto de Laxe (A Coruña) en relación a la presencia de especies alóctonas*", redactado pola Universidade da Coruña.

Ademais o promotor, o día 19.07.2018 remítelle tamén a esa dirección general un "*Estudio de afecciones sobre poblaciones de cormorán moñudo por las obras de dragado del Puerto de Laxe. Memoria*".

A continuación, esa Dirección General de la Sostenibilidad de la Costa y del Mar, no seu informe do 17.07.2018 indica que as recomendacións da Universidade da Coruña inclúen realizar dúas campañas de corte da *Sargassum muticum*, unha inicial entre novembro de 2018 e febreiro de 2019, momento no que os exemplares terán unha talla de 30.-50 e unha ao final de primavera, antes de que os exemplares puideran quedar reprodutivamente fértiles. O dragado realizaríase en verán e principios de outono de 2019, época na que *Sargassum muticum* entra en repouso.

Ese organismo recorda unha serie de cuestións xa indicadas no seu informe do 11.10.2018 como que as actuacións (dragado e vertedura) se localizan dentro de zonas de protección ambiental ZEPa e OSPAR e que no entorno da zona dragada existen LIC, ZEC e ZEPVN. Destaca outra vez a importancia da ZEPa ES0000497 "Espacio Marino de la Costa da Morte", cuxa xestión lle compete.

Indica que o seu informe do 11.10.2018 requiría que as voaduras se reduciran ao mínimo imprescindible e que era desexable que o dragado se restrinxira ao período entre setembro e novembro para evitar a afección ás colonias reprodutoras de cormorán moñudo. Indican tamén que pola necesidade do promotor de manter as embarcacións en zona abrigada por motivos de seguridade neste período de tempo, as voaduras realizaríanse tan pronto cesaran os temporais. Non obstante, esa data de tan pronto finalicen os temporais de inverno, non son compatibles coa información do promotor de que as actuacións só se poderían facer de maio a setembro, nin coas recomendacións da Universidade de A Coruña que contemplan os momentos máis axeitados para o corte previo de *Sargassum muticum*, establecidos en verán ou principios de outono.

Indican que consideran axeitada a medida correctora proposta nos termos recomendados pola Universidade de A Coruña en relación aos dous cortes propostos, incluíndo os momentos recomendados para facelo.